

**CAPÍTULO VII
PERSOAL AO SERVIZO DA CORPORACIÓN**

ARTIGO 15

A declaración de cooficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ao servizo da Corporación estea en condicións de empregalo nos dous niveis, oral e na escrita, en igualdade co castelán e de acordo coa natureza do seu posto de traballo.

O persoal de atención pública do Concello, dirixirse á cidadanía en galego, agás nos casos que se solicite a atención en castelán.

**CAPÍTULO VIII
RELACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS**

ARTIGO 16

As actuacións realizadas polo Concello perante os órganos de xustiza sitas fóra do territorio galego farase nas dúas linguas, indicando en todo caso que a tradución ao castelán parte dun orixinal en galego, consignándose sempre por escrito o cumprimento do artigo 7.2 da Lei 3/1983, de normalización lingüística, referente á utilización da lingua galega por parte da Administración de Xustiza.

**CAPÍTULO IX
IMPULSO LA LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

ARTIGO 17

Ademais da aprobación deste regulamento, e ate que non se acade o obxectivo do uso normal da lingua galega, cómpre prever accións que permitan facer un seguimento e unha avaliación da aplicación do mesmo, no marco xeral do proceso de normalización lingüística na administración municipal de Cuntis.

Crearase unha comisión de seguimento que se reunirá como mínimo con carácter anual na que estarían representados o concello, a través da persoa responsábel da área de Normalización Lingüística e representantes do persoal.

ARTIGO 18

A dinamización lingüística promove e apoia actuacións que favorezan a normalización do galego no Concello de Cuntis, mediante a difusión de material terminolóxico de apoio ao ensino, comercio, mocidade, sanidade... e en xeral a toda a sociedade, deseño de campañas propagandísticas de normalización, etc. As citadas actuacións respectaran en todo caso o marco competencial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cuntis, 2 de febreiro de 2009.—A Alcaldesa, Fátima Monteagudo Pereira. **2009001318**

Anuncio de adxudicación provisional do servizo de limpeza en edificios municipais.

Por Decreto da Alcaldía de data 5 de febreiro de 2.009 adoptouse o seguinte acordo:

1º.—Aproba-la adxudicación provisional á empresa SYMATEC SL do contrato do servizo de limpeza en edificios municipais conforme á proposta presentado por un importe de 58.464 desgloxado en 50.400 cun IVE de 8.064 xunto coas melloras de execución no servizo que se inclúen xunto coa súa avaliación económica na proposta presentada.

2º.—Autorizar un gasto por importe de 58.464 (IVE incluído) con cargo á partida 121.227.00 do Orzamento municipal vixente.

3º.—O adxudicatario provisional no prazo de quince días desde o seguinte á publicación do derradeiro anuncio no perfil do contratante do Concello de Cuntis e no BOP de Pontevedra deberá:

- a) Presentar a documentación xustificativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Cuntis, Estado, coa Seguridade Social e co IAE e resguardo do pago dos anuncios publicados.
- b) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido

Cuntis, a 5 de febreiro de 2009.—A Alcaldesa, Fátima Monteagudo Pereira. **2009001477**

* * *

O GROVE

A N U N C I O

O non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ó público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo Plenario inicial aprobatorio do Regulamento do Consello Local de Deportes, cuio texto íntegro faise público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85 de 2 de abril:

REGULAMENTO DO CLD-O GROVE

Desde as disposicións legais e da propia capacidade municipal procedente da súa autonomía, da Lei reguladora das bases de réxime local e do ROF é posible e conveniente a creación dun órgano municipal de carácter participativo-consultivo que denominaremos Consello Local do Deporte do Grove (CLD-O Grove).

ARTIGO 1.—CONSTITUCIÓN

O CLD-O Grove constitúese como órgano de consulta e participación das entidades deportivas do Grove, na planificación e intervención no deporte do Concello coas finalidades e competencias que de seguido se desenvolven.

ARTIGO 2.—OBXECTIVOS

As finalidades do CLD-O Grove serán as de estudo, asesoramento e emisión de propostas á corporación municipal sobre todos os aspectos relacionados co deporte, sendo o interlocutor válido entre os deportistas do Grove e o Concello, buscando a máxima participación das entidades e organismos interesados no feito deportivo.

ARTIGO 3. FUNCÍONS E COMPETENCIAS

O carácter de órgano participativo na planificación e intervención no eido do deporte realizarase por medio das funcións que lle son propias ao CLD, asesoramento, consulta, proposta e información nas cuestións:

- a) Promover e fomentar o asociacionismo deportivo, os costumes e participacións democráticas entre os deportistas do Grove.
- b) Posibilitar e estimular o desenvolvemento das organizacións que compoñen o CLD, respectando os criterios e proxectos de acción de cada un deles e poñendo á disposición dos membros os medios que o Concello teña.
- c) Desenvolver as posibles propostas encomendadas polo Concello.
- d) Representar o deporte do Grove alá onde se crese conveniente.
- e) Emitir informes sobre aqueles temas que crea oportunos, por iniciativa propia ou de terceiros.
- f) Potenciar as análises e respostas progresivas á problemática global do deporte.
- g) Fomentar os intercambios e as colaboracións con outras asociacións e organismos ou entidades deportivas.
- h) Promover a incorporación da muller no eido do deporte local.

Son competencias do CLD-O Grove:

- a) Ser órgano de representación e participación social e política do deporte do Grove.

- b) Ser un órgano de consulta sobre os orzamentos, patrimonio, equipamentos, etc. que se elaboren no Concello e que vaian dirixidos ao deporte.
- c) Ser o interlocutor válido que lles asegure ás entidades deportivas seren escoitadas naquelas decisións que lles concirnen ante as administracións e outras institucións ou entidades que teñan relación co deporte.
- d) Promover e coordinar as actividades asociativas municipais.
- e) Ser o órgano de estudo e traballo sobre os problemas e necesidades do deporte do municipio.
- f) Colaborar con outros consellos do deporte.

ARTIGO 4. COMPOSICIÓN

Poderán ser membros de pleno dereito do CLD-O Grove:

- a) Os movementos, grupos e asociacións deportivas con entidade propia, e as entidades formadas por deportistas que se organicen para alcanzar uns obxectivos definidos, legalmente constituídas.
- b) As seccións deportivas de entidades non estritamente deportivas que teñan unha autonomía funcional dentro da súa entidade.
- c) Os colectivos deportivos sen personalidade xurídica propia que desenvolvan algún tipo de actividade no ámbito deportivo, e que se comprometan a dotarse de personalidade propia nun prazo de 6 meses, que comezará a contar desde o día da súa admisión.
- d) Un representante de cada partido político municipal con representación no Pleno do Grove.
- e) As entidades deportivas que desexen integrarse no CLD-O Grove deberán estar inscritas no REDIM e será a Xunta de Goberno do Concello a que autorice a súa integración.
- f) As entidades deportivas que desexen a integración no CLD-O Grove deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - A persecución de fins non lucrativos.
 - A aceptación do presente regulamento.
- g) Pérdese a condición de membro por vontade da asociación á cal representa ou pola disolución desta organización.

ARTIGO 5. DEREITOS E DEBERES

Son dereitos dos membros do CLD-O Grove:

- a) Representar e defender no CLD os intereses propios da súa organización, así como os do deporte en xeral.
- b) Transmitir e impulsar, no seo do CLD, todas aquelas propostas que crean oportunas.
- c) Participar, elixir e ser elixido nos órganos do CLD.
- d) Participar con voz e voto nas xuntanzas do CLD.

Son deberes dos membros do CLD-O Grove:

- a) Contribuír ao mellor desenvolvemento e colaboración do CLD.
- b) Cumprir os acordos adoptados polo CLD.
- c) Asistir e participar nas xuntanzas e comisións de traballo das que formen parte.

ARTIGO 6. ORGANIZACIÓN

O CLD-O Grove estruturarase en Pleno, e comisións de traballo.

ARTIGO 7. DO PLENO

O Pleno do CLD estará constituído polo presidente ou vicepresidente, o secretario e os vogais do CLD.

Para a súa constitución inicial será necesario que asistan, cando menos, dous terzos dos membros que compoñan o Pleno.

De non acadarse o quórum establecido, procederíase a unha nova convocatoria nun prazo máximo de 7 días.

Cada entidade ou asociación nomeará dous representantes para formar parte do Pleno.

O Pleno do CLD haberá de xuntarse, como mínimo, 4 veces por ano (cada 3 meses), en sesión ordinaria. Poderá xuntarse en sesión extraordinaria se o considera oportuno o presidente, ou ben se o solicita por escrito calquera membro, razoando esta solicitude.

As convocatorias ordinarias e extraordinarias do Pleno haberán de realizarse cunha antelación mínima de 72 horas, acompañadas da orde o día na que se fixarán os puntos que se han de tratar e a última acta da reunión do CLD, e poderán ser comunicadas por carta, sms ou correo electrónico.

As sesións do Pleno do CLD celebraranse en primeira convocatoria, sempre que concorran a maioría absoluta dos membros de pleno dereito e, en segunda convocatoria, media hora despois de anunciada, se asisten polo menos o presidente ou vicepresidente, o secretario e un terzo dos vogais.

As sesións serán públicas, podendo transmitir as súas propostas, coa intermediación de calquera membro do CLD, o público asistente.

Os acordos adoptaranse por maioría dos votos dos asistentes, podendo formularse votos particulares.

Calquera membro do Pleno do CLD ten dereito a examinar e recibir, se así o solicita, copias das actas e da documentación das comisións de traballo, do Pleno e o estado de contas do CLD.

Serán competencias do Pleno do CLD:

- a) Debater e aprobar os informes e ditames referidos aos puntos explicitados no artigo 3 deste regulamento.
- b) Elixir o vicepresidente do CLD.
- c) Elixir o secretario do CLD.
- d) Elixir os membros da Comisión Permanente.
- e) Ratificar os representantes de cada unha das comisións de traballo.
- f) Aprobar a creación das comisións de traballo.
- g) Aprobar a memoria anual de actuación do CLD.
- h) Aprobar o informe anual sobre a situación da deporte do Grove.
- i) Preparar a orde do día das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno.
- j) Preparar os temas, informes, propostas e ditames para seren debatidos polo Pleno.
- k) Coordinar o labor das comisións de traballo.
- l) Elaborar a memoria anual de actuación do CLD.
- m) Elaborar o informe anual sobre a situación do deporte do Grove.

ARTIGO 8. COMISIÓNS DE TRABALLO

Dentro do CLD estableceranse comisións de traballo que se poderán reunir cantas veces o consideren oportuno os seus membros.

En cada comisión de traballo haberá:

- a) Un portavoz, un secretario e un membro que represente a cada asociación.
- b) Un representante de cada Comisión será elixido no seu seo e ratificado polo Pleno do CLD. Será membro do CLD e portavoz da Comisión diante o Pleno.
- c) Un secretario da Comisión, que será elixido por esta, realizará a acta de cada unha das reunións e a orde do día de cada unha delas.
- d) CLD, para tratar temas específicos e puntuais, poderá solicitar a asistencia de persoas de recoñecida valía ou coñecementos nunha materia ou de entidades afectadas por un problema e que terán voz, pero non voto.

ARTIGO 9. O PRESIDENTE

Presidente do CLD será o concelleiro-delegado de Deportes do Concello do Grove, e terá as seguintes funcións:

- Ostentar a representación oficial do CLD.
- Convocar, presidir as sesións e moderar os debates do Pleno e da Comisión Permanente.
- Autorizar coa súa sinatura os acordos do Pleno do CLD.

ARTIGO 10. O VICEPRESIDENTE

O vicepresidente asume as funcións do presidente en caso de ausencia, vacante ou enfermidade deste.

ARTIGO 11. O SECRETARIO

Serán funcións do secretario:

- Citar as sesións do Pleno, que convocará o presidente, cando menos con 72 horas de antelación.
- Redactar as actas das sesións do Pleno e da Comisión Permanente, que serán aprobadas na seguinte reunión.
- Calquera outra tarefa relativa a funcións xenéricas da Secretaría que lle encomende o CLD.
- Custodiar as actas.

ARTIGO 12. MEMORIAS ANUAIS

O CLD, ao remate de cada ano, elaborará unha memoria da súa actuación. Así mesmo, elaborará tamén ao final de cada ano un informe sobre a situación do deporte do municipio, que lle enviará para o seu coñecemento á corporación municipal.

ARTIGO 13. RENOVACIÓN DO CLD

O mandato dos membros do CLD será de catro anos.

Os membros do CLD, que o sexan en virtude de representación que ostenten, perderán a condición de tales no momento de cesaren como representantes das súas asociacións.

Os membros do CLD designados por asociacións, colectivos ou entidades poderán ser revogados por quen fixo a designación, se o considera oportuno.

No caso de producirse algunha vacante, deberá ser cuberta nun prazo máximo de dous meses.

O novo membro serao polo tempo que resta para completar o mandato.

ARTIGO 14. SEDES DO CLD

A sede e o lugar de reunión do CLD e das súas comisións serán locais municipais.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento poderá ser modificado polos dous terzos dos membros do CLD e polo Pleno do Concello do Grove.

O Grove, 22 de xaneiro de 2009.—O Alcalde, José Antonio Cacabelos Rico. **2009001325**

Anuncio de cobramento

Comunicáselles a todos os contribuíntes deste termo municipal, que a partir do próximo día 16 de febreiro procederase ao cobramento, en período voluntario, do suministro de auga, canon de saneamento da Xunta de Galicia e taxa por recollida de lixo, de acordo co seguinte calendario:

- Inicio de cobramento. . . 16 de febreiro de 2009
 Fin de cobramento. . . . 16 de abril de 2009
 Lugar. Oficinas de recadación
 Horario De luns a venres, de 9.00 a 14.00 horas

Fóra destes prazos esixírase o cobramento pola vía executiva co recargo de constrinximento do 20 %, e custos do procedemento.

O Grove, 3 de febreiro do 2009.—O Alcalde-Presidente, José Antonio Cacabelos Rico. **2009001326**

* * *

A GUARDA**A N U N C I O**

Exposición pública e cobranza en voluntaria do Padrón, relativo á taxa pola recollida do lixo correspondente ó exercicio tributario 2009.

A Presidencia desta Corporación, mediante Resolución nº 0096/2009 aprobou o padrón da taxa pola recollida do lixo correspondente ó exercicio tributario 2009 do Concello da Guarda. A dita Resolución é definitiva en vía administrativa.

O padrón fiscal se exporá ó público nas oficinas municipais no prazo dun mes contado a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, anuncio que ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinalo e formular contra os actos que se notifican ante a Presidencia deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública do padrón.

De conformidade co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, comunícase ós contribuíntes afectados que o período voluntario de cobranza da taxa pola recollida de lixo correspondente ó exercicio tributario 2009 do Concello da Guarda será do día 20 de febreiro de 2009 ó 20 de abril de 2009, ámbalas dúas datas inclusive.

A taxa deberá satisfacerse a través das seguintes entidades bancarias:

BANCO DE GALICIA	BBVA	BANESTO
CAIXA GALICIA	LA CAIXA	BANCO PASTOR
BANCO SANTANDER	CAIXANOVA	

O vencemento do prazo en período voluntario sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comenzo do procedemento de constrinximento, coa percepción do recargo da mora e demais conceptos exisibles, tal e como se fixa no artigo 160 e 161 da Lei 58/2003, de 17 de Decembro, Xeral Tributaria e nos artigos 78 e seguintes do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

A Guarda, 9 de febreiro de 2009.—O Alcalde, José Manuel Domínguez Freitas. **2009001330**

* * *

LALÍN**A N U N I O**

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 3 de febreiro do ano en curso, acordou iniciar os trámites para a contratación que se indica e, para tal efecto, aprobou o correspondente proxecto de demolición, prego de cláusulas administrativas particulares e gasto, e ordenou anunciar a seguinte licitación:

1.—ENTIDADE ADXUDICADORA

Concello de Lalín. Praza do Concello, núm. 1, 36.500, Lalín (Pontevedra). Teléfono 986-787060. Fax 986-780638.

2.—OBJECTO

Demolición de edificación de soto, planta baixa, primeira e baixo cuberta, sita en "Tras do Concello, Regueiriño-Lalín".

3.—TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO

Procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, e tramitación ordinaria.